


Iumes, a esquerda sionista máis dialogante

Moncho Iglesias Míguez (Tempos Novos, febreiro/2009)

Iumes, un alcume de xuventude que significa búfalo, vive nun constante diálogo físico e político entre Israel e Palestina, coa esperanza de que a fronteira do Estado palestino pase a menos dun quilómetro da súa casa, no kibbutz, ao que entrega todos os cartos que gaña no goberno.

Haim Oron, Iumes, fillo de emigrantes polacos que chegaron a Palestina antes da Segunda Guerra Mundial, naceu en Giv'atim, ao leste de Tel Aviv, en 1940. Aos 18 anos mudouse ao deserto do Neguev para axudar na fundación dun kibbutz, Lahav, famoso pola súa granxa de porcos. No kibbutz, Iumes creceu politicamente, chegando a ser ministro de Agricultura no goberno de 1999, e candidato á presidencia, nas eleccións de 2009, co seu partido, Meretz (Vitalidade). Fundador do

movemento Paz Agora e impulsor das iniciativas do Acordo de Xenebra, Iumes está considerado como unha figura clave nas conversacións entre israelís e palestinos. A seguinte entrevista é unha conversa sobre o conflito e a súa posible solución.



Iumes: “É certo que esvaeceron os límites entre a dereita e a esquerda, pero é aínda máis certo cando nos referimos a Likud, Kadima e Avoda. Non quero especular sobre posibles cambios futuros, pero podo dicirche que o Novo Movemento-Meretz é a única alternativa para a xente que cre nun partido de esquerda, social-demócrata e sionista. Hoxe en día, non hai ningún outro partido que poida ofrecer todo isto á parte do Novo Movemento-Meretz”. [Foto: ©Moncho Iglesias].

Moncho Iglesias: Aínda que a decisión israelí se tomou despois do bombardeo de foguetes Qassam por parte de Hamás, é discutible a idea de que o ataque xa estaba planeado dende antes. Hai indicios de que, cando Israel aceptou unha tregua, hai seis meses, o goberno xa pensara na ofensiva, para así sorprender a Hamás. Pensas que é certo isto e tamén que Hamás estaba aproveitando do cesamento do fogo para autoabastecerse con novas armas?

Iumes: Non quero facer ningún tipo de conxectura en canto as intencións do goberno israelí nin de Hamás. A realidade amosou que Hamás rompeu grotescamente cos acordos e declarou que non ten a intención de dirixir ningún período de cesamento do fogo, que si pretenden a maioría de países árabes e as autoridades palestinas.

M. Iglesias: Seguindo co tema das datas, pensas que tivo algo que ver que a guerra comezase e rematase só uns días antes de que Obama asumise a súa presidencia en Estados Unidos?

Iumes: A política xoga con moitos factores aí. Foi un factor nas decisións? Supoño que si, pero quero crer que foi un factor marxinal como para telo en consideración. Estou seguro de que o primeiro e máis importante, para o goberno, foi a seguridade dos residentes no sur do estado de Israel, e incluso se discutimos sobre o xeito de facelo, temos a mesma resposta: manter a xente sa e salva.

M. Iglesias: A guerra terminou, pero ti mesmo dixeches que un cesamento do fogo sen Hamás é como unha voda sen noiva; cal é o camiño que propós para achegarse a Hamás?

Iumes: Creo que, neste sentido, sacáronse as miñas palabras fóra de contexto. Dixen isto, pero como resposta á nosa ministra de Asuntos Exteriores. Respondín dicindo que “a nosa

ministra de Asuntos Exteriores quere un cesamento do fogo sen Hamás; unha voda sen noiva”. Nese sentido, penso que, para conseguir a calma na veciñanza de Gaza e para conseguir a liberación do soldado secuestrado, Gilad Xalit, necesitamos ter unha negociación específica con Hamás, ben por medio dunha negociación internacional ou cun cara a cara.

M. Iglesias: A incursión en Gaza foi unha decisión final que tomaron, en privado, Barak, Olmert e Livni. Os líderes da oposición só souberon disto máis tarde, pensas que a decisión tería mudado de teres unha palabra neses primeiros encontros?

Iumes: Non sei se a decisión tería sido diferente, pero podo asegurarche que tratei de facer todo o que puiden para evitar a entrada do exército en Gaza e para ter a certeza de que o dano a inocentes fose o mínimo, como debería ter sido. Os meus colegas no Novo Movemento-Meretz, e eu mesmo, reclamamos un acordo de cesamento do fogo e unha renovación dos acordos antes do comezo da operación, e puxamos por isto, con fervor, dende o primeiro día.

M. Iglesias: Con respecto a ese trío, comentaches que parecía como se houbo tres batallas distintas: unha, a de Olmert; outra, a de Barak e a terceira, de Livni. Con isto insinuabas que non había uns obxectivos claros nos ataques. Con todo, Meretz apoiou o primeiro día de ataques. Que idea tiñas do combate?

Iumes: Como resposta ás manifestacións de Hamás e ás súas inequívocas confesións, que non pretendían parar o tiroteo contra os cidadáns israelís que viven na veciñanza de Gaza, e que tamén se lle deu a Exipto e ás autoridades palestinas, dixemos, moito antes de comezar a operación da Faixa de Gaza, que tiñamos que actuar en dúas bandas ao mesmo tempo: necesitabamos actuar dun xeito proporcional e comedido contra o tiroteo que eles comezaron, amais do deber do estado de defender os seus cidadáns e, ao mesmo tempo, tratar de acadar un acordo de cesamento do fogo, retomando a tranquilidade da zona e usándoo para fomentar solucións políticas. Dende o primeiro día da operación, mantivemos que Israel debía intentar acadar un cesamento do fogo; opuxémonos á operación e á entrada da infantaría en Gaza.

M. Iglesias: Barak dixo que daba por rematada a súa campaña electoral, quizais porque este conflito podía valerlle como publicidade. Usará Meretz as imaxes desta guerra como un dos argumentos primordiais na súa campaña? Cales son as túas principais ideas para o novo goberno?

Iumes: Meretz tivo e ten unha axenda que non só inclúe o noso parecer político e de seguridade, senón tamén unha axenda máis ampla que inclúe a nosa axenda social (vermella) e ambiental (verde), que cariñosamente chamamos axenda “sandía”. Como partido de esquerdas, social-demócratas, cremos de verdade que incluso en Israel, onde a seguridade é un problema obvio, debemos abranguer un maior abano de asuntos, como a educación, a vida diaria e as pensións. A crise económica, que inflúe en todo o mundo, debería formar parte da axenda de calquera partido, posto que afecta a todos os cidadáns que viven aquí. Asegurarse de que os habitantes de Israel terán comida na mesa é tan importante como manter a súa seguridade. Non transixiremos coa nosa axenda.

M. Iglesias: Meretz é un partido de esquerdas, pero esquerda e dereita amosáronse bastante achegados nas últimas semanas. A oposición á campaña levada a cabo por Kadima e Avoda (o partido Laborista) podería provocar futuros acordos, entre forzas opostas, para conseguir o poder?

Iumes: É certo que esvaeceron os límites entre a dereita e a esquerda, pero é aínda máis certo cando nos referimos a Likud, Kadima e Avoda. Non quero especular sobre posibles cambios futuros, pero podo dicirche que o Novo Movemento-Meretz é a única alternativa para a xente que cre nun partido de esquerda, social-demócrata e sionista. Hoxe en día, non hai ningún outro partido que poida ofrecer todo isto á parte do Novo Movemento-Meretz.

M. Iglesias: Durante a guerra, os árabe-israelís foron os que máis se opuxeron, dentro da sociedade israelí. A decisión de invalidar os partidos Balad e Ta'al (árabe-israelís) nas

eleccións parlamentarias non só se pode tomar como un xeito de bloquear os dereitos dos árabe-israelís, senón tamén unha maneira de darlle máis forza a Kadima e Avoda. Pensas que ese intento de exclusión perpetrouse para conseguir máis votos?

Iumes: Penso que si. Kadima e Avoda decidiron apoiar o comité de elección coa decisión de descualificar a Balad e Ra'am-Ta'al da participación nas próximas eleccións. Creo que foi unha decisión popular e descualificar os partidos árabe-israelís significa, practicamente, empuxar a poboación árabe-israelí a tomar as rúas en vez de usar o parlamento para mellorar a súa vida.

M. Iglesias: Tamén se discute a idea de que Meretz pode beneficiarse da disputa e recoller os votos que veñen dos árabe-israelís e dos israelís silenciados durante o conflito. Pensas que Meretz pode emerxer e ter un peso influente nas eleccións?

Iumes: Penso que, a día de hoxe, máis que nunca, o Novo Movemento-Meretz é relevante, pero non polo motivo que mencionas. Cremos que representamos unha poboación que inclúe árabe-israelís e israelís xudeus que pensaban que o cesamento do fogo era o paso acertado, xa antes de que se declarase. Así e todo, representamos un núcleo de poboación que se preocupa por unha grande variedade de temas e cremos que, por encima de todo, Meretz, como partido social-demócrata, ten a habilidade, coa nosa excelente lista de candidatos ao Knesset (o parlamento), de incluír asuntos como benestar, educación, saúde, pensións e, por suposto, buscar unha solución á crise económica que toca moitas vidas en Israel.

M. Iglesias: Os artistas en xeral adscribíense ao teu grupo político e ás ideas pacifistas que defendes. Neste sentido, o escritor David Grossman, nun artigo publicado no diario Ha'aretz, hai varias semanas, condenaba abertamente a guerra. Tal e como fixo noutras ocasións, invita a ambas partes a falar nun idioma que é “a nosa lingua, tanto como o é a lingua dos avións e dos tanques”. Estás de acordo con esta última frase?

Iumes: Penso que a día de hoxe podemos mirar por enriba desa difícil encrucillada na que estamos, identificando voces entre o mundo árabe e entre os palestinos da Autoridade Palestina, incluíndo Gaza, que cren que existe a posibilidade de parar eses horrendos círculos de violencia. Especialmente nestes días, cando a maioría do mundo árabe, baixo o paraguas da Liga Árabe, está declarando abertamente que se necesita alcanzar un acordo de paz, entre Israel e os países árabes, que inclúa a todos.

M. Iglesias: No artigo, Grossman afirma que a sociedade israelí parece hipnotizada pola euforia do poder e convencida da idea de que os árabes só entenden a forza, e esa é a única lingua que se pode usar con eles. Pensas que Grossman é especialmente duro e que si hai unha parte da sociedade disposta a falar co inimigo?

Iumes: A guerra trae moitas voces. Algunhas delas son, como comentas, radicais e duras, pero outras, como podes imaxinar, son máis tranquilas e diríxense aos nosos veciños como compañeiros razoables no proceso de paz, se é o que desexan, como xa sucedeu con Exipto e Xordania. Os nosos votantes tradicionais, e aqueles que se uniron a eles ao longo dos anos, cren que as disputas debemos resolvelas falándonos á cara e asinando acordos.

M. Iglesias: Amais dos artistas, a xente en xeral, e soldados e reservistas opuxéronse a entrar en Gaza. Un deles, Ben-Muha, afirmou que, aínda que non se considera un pacifista, “este exército debería defender, non atacar e conquistar”. Consideras que Israel defendeuse ou que atacou nesta última guerra?

Iumes: Como xa mencionei, Israel ten o dereito de defender os cidadáns do sur, ou de calquera outro sitio, especialmente despois de ter sufrido ataques con mísiles contra nós. Nese sentido, penso que a operación foi necesaria, pero podemos discutir sobre a cantidade da forza empregada.

M. Iglesias: Durante os últimos anos, parece que o número de refuznikim (insumisos) creceu no país; pensas que isto pode ser un problema e que nuns anos non sexa obrigatorio o servizo militar?

Iumes: É natural que cada vez aparezan máis refuznikim estes días nos que os medios de información amosan ambos lados e aumenta o coñecemento, tanto dos soldados como dos reservistas.

M. Iglesias: Tanto no mundo árabe como en Europa houbo moitas manifestacións contra os ataques de Israel en Gaza. A xornalista do Jerusalem Post, Caroline B. Glick, defendeu que eses países deberían ser condenados, dalgún xeito, por apoiaren un grupo terrorista. Pensas que Hamás é un grupo terrorista e que se deberían condenar as manifestacións contra as accións israelís?

Iumes: Tal e como dixen en máis dunha ocasión no pasado, non creo nunha negociación política con Hamás. Como esa mesma persoa que pediu, hai 30 anos, que se negociase coa OLP (Organización para a Liberación de Palestina), podo dicir que Hamás é diferente. Non estamos discutindo sobre unha organización nacional que ten a capacidade de posicionarse entre as súas e as nosas ambicións. É unha organización fundamentalista que usa o terror como medio e causa para acadar uns obxectivos. Pola outra banda, penso que, no concernente á vida dos nenos que viven na veciñanza de Gaza, constantemente atemorizados polos foguetes Qassam, e pola liberación do soldado secuestrado, Gilad Xalit, non hai outra vía á parte dunha negociación específica, e no futuro próximo, con Hamás, para así acadar o cesamento do fogo.

M. Iglesias: Xa para rematar; tes un bo amigo palestino, Marwan Barghouti, encarcerado de por vida. Pensas que, igual que podes falar con el, poderías facelo con calquera líder de Hamás?

Iumes: Penso que hai que tomar decisións urxentes como é a liberación de Marwan Barghouti para establecer a autoridade de Fatah en Cixordania e entregarlle as ferramentas necesarias para que tamén gobernen en Gaza. Temos que renovar as negociacións para acadar un acordo permanente coa OLP e o seu líder, Abu Mazen, coa intención de constituír un estado palestino en Cixordania e a Faixa de Gaza; que isto suceda e cando, é algo que depende das autoridades palestinas. Tal e como o vexo, temos que aceptar a iniciativa de paz árabe como unha plataforma de negociación con palestinos e sirios, e procurar o diálogo e unha cooperación estratéxica co mundo árabe moderado, enfrontándonos ao perigo iraniano e de Hamás.

Moncho Iglesias Míguez, analista do Igadi.